

## OBXECTIVOS

- Coñecer de xeito directo a realidade da prostitución achegándonos para iso ós lugares onde se leva a cabo: clubs e pisos.
- Ser un lugar de referencia onde as mulleres e os seus fillos/as atopen apoio, información, orientación e poidan iniciar un proceso de recuperación.
- Mediar entre a muller e os distintos recursos.
- Favorecer a súa calidade de vida.
- Promover a súa autonomía.
- Identificar, acoller e acompañar a muller obxecto de trata con fins de explotación sexual no proceso de recuperación persoal.
- Informar e sensibilizar á sociedade en xeral da situación da muller obxecto de explotación sexual e trata.

### Vagalume

Rúa Loureiros nº 3, baixo  
15704 Santiago de Compostela

[www.centro-vagalume.org](http://www.centro-vagalume.org)

teléfonos: 981 585 515

627 404 814

email: [pvagalume@gmail.com](mailto:pvagalume@gmail.com)

fax: 981 586 867

### Horario:

De luns a xoves 9:00 -14:00 h e 16:30 - 19:30 h

Venres 8:00 -15:00 h



# PROXECTO VAGALUME



Proxecto creado en 1990 a iniciativa das Irmás Oblatas e co apoio de Caritas Diocesana de Santiago de Compostela, como resposta integral ás necesidades e demandas.

*da muller que está relacionada co exercicio da prostitución*

*da muller que é vítima da trata con fins de explotación sexual*

Porque son mulleres con mesmos dereitos, entre outros, á liberdade e á dignidade.

Movilizámonos reivindicándoos, sensibilizando e denunciando a inxustiza social.

Os nosos recursos son:

- *Gratuitos*
- *Confidenciais*
- *Non discriminatorios* (non importa cal sexa a situación legal, administrativa, social, a condición política, relixiosa...)

## CENTRO DE DÍA

*"reintegración"*

Onde poden recibir atención integral de xeito individualizado a través de servizos e actividades. Elaboran o seu propio proxecto de vida.

Ofrecémoslles:

- Acolida
- Asesoría xurídica
- Orientación sociolaboral
- Atención psicolóxica e de saúde
- Obradoiros formativos (español, informática...)
- Acompañamentos...

## PISO DE ACOLLIDA E AUTONOMÍA

Destinado a aquelas mulleres que necesitan un lugar para comezar un novo proxecto de vida encamiñado á autonomía e á autoxestión e tamén para aquelas outras que son vítimas da trata con fins de explotación sexual.

Un lugar de recuperación persoal.

*"liberdade"*

## CENTRO PSICOFAMILIAR

*"integración"*

Formar e orientar as nais en aspectos relacionados coa educación e o desenvolvemento das súas fillas e fillos.

Lévanse a cabo intervencións de tipo sociofamiliar e psicopedagóxica coa familia e na área psicolóxica, educativa, de saúde, de convivencia cos menores.

## TRABALLO DE RÚA

Achegámonos ós lugares onde as mulleres exercen a prostitución para coñecer a súa realidade, as súas necesidades e as súas demandas.

Trátase de levar a cabo tanto accións preventivas coma informativas, repartición de material profiláctico, sociosanitario e tamén recoller as súas demandas e preocupacións.

*"coñecer para actuar"*

